

6 *Review***HOOOPER, Kirsty &
PUGA MORUXA,
Manuel eds.**New York: The Modern
Language Association of
America

2011. XII + 344 pp.

ISBN 978-1-60329-088-3

*Contemporary
Galician Cultural
Studies: Between the
Local and the Global***Gabriel Pérez Durán**
Universidade de Vigo

Contemporary Galician Cultural Studies: Between the Local and the Global, coordinado por Kirsty Hooper e Manuel Puga, supón un punto de inflexión na internacionalización dos estudos galegos. Por un lado, constitúe un chanzo importante no establecemento dos estudos galegos dentro das estruturas académicas do mundo anglosaxón. Por outro lado, a súa vocación de manual de referencia convérteo nunha porta de entrada á cultura galega dende a socioloxía, a literatura, a antropoloxía, os estudos culturais, a arte, os medios de comunicación e a tradutoloxía, entre outras disciplinas. Inserido na colección 'World Literatures Reimagined' da Modern Language Association of America (MLA), a ampla rede de distribución de tan prestixiosa institución permitirá visibilizar o traballo que a prol da cultura galega se realiza dende hai décadas no mundo académico anglosaxón. Por fortuna, non se trata dunha iniciativa illada e sen visos de continuidade: en 2010 veu á luz o traballo de Kirsty Hooper, *Writing Galicia into the World: New Cartographies, New Poetics* e en 2012, Eugenia R. Romero, profesora da Ohio State University, tirou do prelo *Contemporary Galician Culture in a Global Context: Movable Identities*.

Composto por dezaseis ensaios, *Contemporary Galician Cultural Studies*, está artellado de forma flexible en tres bloques: 'Histories', 'Identities' e 'Cultural Practices'. A soldadura estrutural do libro amosa unha tensión entre a intención prospectiva e variada dos temas tratados en cada ensaio e o labor aglutinante das introducións, que tentan dar cohesión e coherencia ao conxunto do traballo. O resultado é unha obra multidisciplinar, debedora da consolidación dos estudos galegos como unha supradisciplina en que conflúen diferentes perspectivas teóricas co obxectivo de construír novas

HOOPER, Kirsty and PUGA MORUXA, Manuel eds.
Contemporary Galician Cultural Studies: Between the Local and the Global
Gabriel Pérez Durán

formas de pensar 'Galicia', que ofrece a posibilidade dunha lectura horizontal; ou sexa, que nos convida a examinar como un determinado elemento cultural pode influír noutros elementos da estrutura. Non obstante, bótase en falta unha revisión crítica do proceso de culturización do social presente en moitos dos capítulos. Como teñen sinalado voces críticas (Buden 2006, Moreiras 2007 e Sassen 2006, entre outros), a introdución do parámetro cultural no discurso académico das humanidades, en xeral, levou por unha banda, a monopolizar os debates teóricos, reducindo a realidade política, económica, e social, entre outras a un escenario mediatizado polo cultural e, pola outra, a entullar o discurso académico en niveis abstractos e usos retóricos, con ferramentas epistemolóxicas que analizan a realidade a través de xeneralidades que 'enmarcan' os problemas, pero que non entran na súa complexidade interna, a cal queda oculta baixo a penumbra que proxectan eses grandes conceptos da órbita dos *Cultural Studies* ou da globalización, entre outras tendencias de pensamento. Así e todo, a proposta desta monografía é clara: constrúese unha cultura galega en conflito coa súa versión estereotipada e monolítica ao amosar modalidades culturais e identitarias con códigos que teñen ao mesmo tempo, unha validez simultánea, pero que se rexeitan entre si, dando unha imaxe poliédrica da sociedade galega, malia esa preponderancia do cultural sobre aspectos políticos, sociais e económicos, entre outros, e unha certa equivalencia entre cultura galega e a súa lingua e literatura; inda que hai que salientar a importancia da literatura como xeradora dun discurso que permitiu artellar Galicia como unha entidade política, cultural e social de seu.

Baixo o paraugas do primeiro bloque, 'Histories', os traballos recollidos fan un percorrido por diferentes elementos dos imaxinarios nacionais ligados á construción estereotipada dalgúns aspectos da historia de Galicia (Lourenzo Fernández Prieto) e á influencia do campo político e reivindicativo dentro do literario e como este pexa a autonomía de quen escribe e dos axentes culturais (Antón Figueroa); finalmente, dúas propostas problematizan a presenza de escritoras bilingües centrándose no caso de Rosalía de Castro (María do Cebreiro Rábade Villar e Joseba Gabilondo). Gabilondo opta por unha análise posnacional que entra en conflito coa proposta de 'literatura nacional' de Figueroa, o que fai patente certa división entre as análises da literatura galega como unha forma de afortalamiento da identidade/cultura galega e aquelas outras, en xeral de estudosos e estudosas de fóra da academia galega, que optan por posturas que cuestionan a perspectiva nacional.

A medida en que nos adentramos no seguinte bloque, 'Identities', vanse ofrecendo relecturas de capítulos anteriores que matizan fíos soltos, engadindo unha análise multifocal do concepto de 'galeguidade' dende o conflito ortográfico (John Patrick Thompson), a identidade *queer* (Timothy McGovern) e a emigración (Eugenia R. Romero e Jaine Beswick). Nestes estudos sobre a construción identitaria sorprende que as únicas formas que posibilitan adquirir e socializar unha identidade por parte do ser humano se expresen a través da ficción nas súas modalidades textuais e/ou audiovisuais, en consonancia co xa comentado sobre a equivalencia que se fai entre cultura galega e a súa lingua e literatura. Neste debate bótase en falta unha dimensión sociocognitiva e de teoría da complexidade que se achegue aos problemas de configuración da personalidade, das relacións entre as diferentes identidades/alteridades, e do conglomerado de relacións entre os individuos e os sistemas sociais en que se insiren. A fin de contas, a identidade nacional, por exemplo, é un tipo de identidade social máis entre as

HOOPER, Kirsty and PUGA
MORUXA, Manuel eds.
*Contemporary Galician
Cultural Studies: Between the
Local and the Global*
Gabriel Pérez Durán

vastas posibilidades de identificación grupal existentes na acción social dos individuos e dos colectivos que se manifestan dende no tipo de roupa que vestimos ata nas identidades dixitais que adquirimos nas redes sociais.

Na última parte, 'Cultural Practices', aparecen de novo temas anteriores, pero nunha vertente práctica: por exemplo, no que atinxe ao audiovisual, Marta Pérez Pereiro continúa a liña de traballo encetada por Fernández Prieto e amosa como certas series da Televisión de Galicia (TVG) perpetúan un idilio coa Terra imperturbable ás mudanzas. José Colmeiro analiza atinadamente o que se deu en chamar a industria do audiovisual galego e o traballo de María Reimóndez complementa as anteriores propostas engadindo un convite a unha viaxe comparativa entre a construción do patrimonio galego durante o *Fraguismo* do Partido Popular de Galicia (PPdG) (1990–2005) e a época do goberno bipartito do Partido Socialista de Galicia (PSdG-PSOE) e o Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2005–2009). Continuando na procura de conexións, o ensaio de Hirsty Hooper recolle fíos de Figueroa e McGovern e reclama un canon literario máis inclusivo, onde estean presentes autoras (Iolanda Zúñiga e Rosa Aneiros, por exemplo), autores e autoras alófonas (Úrsula Heinze) e tendencias *queer* (Antón Lopo, por exemplo, do que xa se ocupara McGovern). Os restantes traballos poderíanse agrupar baixo a etiqueta 'propostas transformadoras para a cultura galega'. Burghard Baltrusch centra o seu estudo nas propostas vangardistas do grupo Rompente e no impacto que tiveron na década dos oitenta. Silvia Bermúdez e Laura López poñen o seu foco de atención nas *performance* e na poesía visual como métodos heterodoxos de construción da identidade/cultura galega. Entre os aspectos menos loables do volume cabe salientar o glosario. A priori unha ferramenta de utilidade para deixar negro sobre branco aspectos de difícil comprensión para un público descoñecedor da realidade galega ou dos temas tratados, sorprende, nun libro con vocación de manual, un glosario de catorce entradas que apenas resolven dúbidas xerais de carácter histórico, social e político. É máis, a posibilidade da lectura horizontal antes mencionada vese pexada polo carácter onomástico do índice, que non axuda o que podería a rastrexar conceptos.

Ao pechar o libro, veume á mente una frase do físico Max Planck que cobra un sentido pleno ao aplicala á policontextualidade conflitiva que envolve a construción da cultura e da identidade: 'Calquera nova verdade que triunfe, non é porque convenza aos seus detractores, senón porque van morrendo e, así, unha nova xeración medra e familiarízase con ela. Cada unha das propostas, dentro da ortodoxia ou non, adquire 'vida propia' fóra da *autoritas* que as categorizou, dando saltos de cerebro en cerebro co obxectivo de colonizalo. Ademais de osíxeno, tamén inhalamos crenzas' (1949: 33–34). *Contemporary Galician Cultural Studies: Between the Local and the Global* aplica un pouco de esmeril e limón para evitar a oxidación dos conceptos. Por iso, e pola súa vontade divulgadora, hai que lle dar a benvida a esta proposta 'actualizadora' acorde cos continuos cambios da realidade.

Referencias

BUDEN, Boris, 2006. 'Cultural Translation: Why It is important and Where to Start With It'. *Transversal/eipcp*. (Wien: European Institute for Progressive Cultural Policies.) <<http://translate.eipcp.net/transversal/0606/buden/en>> [Consultado o 3 de febreiro de 2011]

*HOOPER, Kirsty and PUGA
MORUXA, Manuel eds.*
*Contemporary Galician
Cultural Studies: Between the
Local and the Global*
Gabriel Pérez Durán

MOREIRAS, Alberto, 2007. 'Transculturación e conciencia dobre'. *O espectro político boxe. Ilustración e barbarie*. (Vigo: Universidade de Vigo). <<http://www.uvigo.tv/gl/serial/254.html>> [Consultado o 6 de abril de 2008]

PLANCK, Max, 1949. *Scientific Autobiography and Other Papers* (New York: Philosophical Library).

SASSEN, Saskie, 2006. *Territory, Authority, Rights. From Medieval to Global Assemblages* (Princeton: Princeton University Press).